

Nome _____ Data _____

O nacemento do río Cuervo

O río Cuervo nace no noroeste da provincia de Cuenca (Castela-A Mancha). O nacemento deste río está situado nunha zona composta por rochas moi permeables. Por este motivo, cada vez que chove, a auga fítrase ao interior da terra. No interior, a auga circula e acumúlase, e volve saír á superficie a través de moitos mananciais.

O manancial máis destacado é o do nacemento do río Cuervo. Cando a auga chega ao exterior, discorre uns metros por unha zona chá, para logo caer en forma de fervezas.

Debido a unha reacción química, un dos compoñentes da auga non se dissolve, e, ao caer a auga sobre as rochas e as plantas próximas, crea formas moi variadas de gran fraxilidade.

Grazas a iso, créase unha paisaxe singular e de gran beleza. Por este motivo, no ano 1999 o nacemento do río Cuervo foi declarado Monumento Natural.

Se algunha vez decides visitalo, debes ter en conta que o caudal do río Cuervo varía coas estacións do ano. No verán, así como nos anos cunha seca moi prolongada, o nacemento deste río adoita estar seco.

**1 Le o texto e contesta.**

- Onde se atopa o nacemento do río Cuervo?

- Que é o que sucede coa auga da chuvia nesta zona?

- De que maneira sae ao exterior a auga do río Cuervo?

- Por que o nacemento do río Cuervo ás veces está seco?

2 Que é a hidrosfera?

3 Ordena o ciclo da auga. Escribe 1, 2, 3, 4 e indica o nome de cada unha das fases.


A auga dos ríos acaba no mar. _____

Ao aumentar o peso das gotas de auga, caen das nubes á codia terrestre e chegan aos ríos. _____

A auga pasa de estado líquido a estado gasoso (vapor) debido á calor do Sol. _____

O vapor arrefría ao ascender pola troposfera. Ao arrefriar condénsase en gotas de auga, que forman as nubes. _____

4 Escribe onde atopamos auga na natureza.



Nome _____ Data _____

Pódese navegar polos ríos de España?

É interesante observar como barcazas que transportan mercadorías ou barcos de diferentes tamaños sucun grandes ríos, como o Rin, en Alemaña; o Nilo, en Exipto, ou o Mississippi, nos Estados Unidos.

Podemos ver imaxes semellantes en España? Son navegables os ríos españois?

En xeral, os ríos españois non son navegables, aínda que nalgún tramo do curso baixo dalgúns deles se poida navegar. A que se debe? Existen varias explicacións.

Gran parte dos ríos españois discorren entre montañas ou encaixados entre vales. Nestas zonas, os ríos son estreitos, con moitas curvas e as súas augas discorren a gran velocidade.

Por outra parte, o caudal dos ríos españois é moi irregular, diminúe moito no verán.

Non obstante, en España ao longo do tempo construíronse algunhas canles coa intención de utilizalas como vías de comunicación.

Por exemplo, a canle de Castela, proxectada para unir o norte da Meseta co porto de Santander, ou a canle de Sevilla-Bonanza, que permitía a navegación desde Sevilla ata o océano Atlántico.



Canle de Castela.

1 Le o texto e contesta.

- Que significa que os ríos españois teñen un caudal irregular?

- Por que os ríos españois non son navegables?

- Con que finalidade se construíron algunhas canles en España?

2 Observa o mapa e contesta as preguntas.



• Como son os ríos da vertente cantábrica, longos ou curtos, con moito ou con pouco caudal? Razona a resposta. _____

• E os da vertente atlántica? Por que? _____

3 Busca información sobre o río Ebro e indica onde nace, onde desemboca, cales son os seus principais afluentes e que Comunidades Autónomas atravesa.
